



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE LABORAL TEMPORAL, DE 3 POSTOS DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES . PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2023

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a aprobación da convocatoria e a regulación do proceso selectivo, mediante o procedemento de concurso-oposición de méritos en réxime de persoal laboral temporal de 3 prazas de OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES, dentro do PROGRAMA PEL-CONCELLOS DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL. PEL 2023

Estas contratacións están subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo que se terán en conta as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de A Coruña, PEL-CONCELLOS 2023, aprobadas por Resolución de Presidencia nº 2023/39426 do 17/01/2023.

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as establecidas no Base 3.- Obxecto e finalidade, das bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2023.

SEGUNDA.-DURACIÓN, TIPO DE CONTRATO E FUNCIÓNS DO POSTO.

O contrato laboral que se realizará coa persoa seleccionada para as prazas operario de servizos múltiples será de duración determinada, modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral código 505, Grupo 10, cunha xornada laboral de 27,5 horas semanais, por un período de 3 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

Son funcións do posto a prestación de servizos municipais básicos e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas coa iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e protección da salubridade pública.

TERCEIRA.- REQUISITOS

1.-Para seren admitidos ao presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito,



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de Vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

(Acreditarse coa fotocopia do DNI.)

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.
- c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Carnes profesionais: Carné de conducir clase B
- g) Estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente ó título de CELGA 1 ou equivalente, co obxecto de ser declaradas exentas da realización da proba de nivel de coñecemento da lingua galega.

Requisitos específicos:

a) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral :

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de 1 ano como demandantes de emprego. Acreditarse cun infome de períodos de inscrición e informe de vida laboral actualizado
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Acreditarse mediante certificado de discapacidade, expedido polo órgano competente.
- Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións:



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

- Persoas en situación de drogodependencia. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais
- Persoas con fogar monoparental. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais
- Persoas sen fogar. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais municipais

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e manterse durante todo o proceso selectivo

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1.- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 (DEZ) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

2.- As solicitudes, dirixidas ao Alcalde, téñense que axustar ao modelo normalizado de solicitude, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica do Concello ou na forma establecida polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.- Para ser admitidos e tomar parte na convocatoria bastará que os aspirantes manifesten na solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira. Será necesario acreditar xunto coa solicitude:

- Copia do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Copia do carné de conducir
- Copia cotexada do certificado de aptitude do Celga 1 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Copia da tarxeta de demandante de emprego.
- Documentación acreditativa da concorrencia de algún ou varios dos requisitos específicos.
- Documentación acreditativa dos méritos

A presentación do candidato/a á proba selectiva implica a aceptación das bases da convocatoria.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a ditarase resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, coa cal declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución expoñerase na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Concederase un prazo de dous días hábiles a contar do día seguinte a esta publicación para rectificacións, emendar erros e posibles reclamacións.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas considerarase automaticamente elevada a definitiva si non se presentan reclamacións. Si houberse reclamacións, serán estimadas ou desestimadas, se procede, no prazo máximo de cinco días hábiles, nunha nova resolución coa cal apróbese a lista definitiva, que se fará pública na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello

QUINTA.- TRIBUNAL.

No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, determinarase a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición.

O Tribunal estará integrado por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres (3) vogais. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros . En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a

Os membros da Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da LRXAP.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases

SEXTA. PROCESO SELECTIVO.

Efectuarase mediante concurso-oposición libre.

A **fase de concurso**, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes. Esta fase non será eliminatoria, levarase a cabo despois da fase de oposición e terá unha puntuación máxima de 2 puntos de acordo co seguinte baremo:

BAREMO:

- Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, a fase de concurso será



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

valorada da seguinte forma (máximo 1 punto):

- Cursos de máis de 10 horas ata 50 horas: 0,25 puntos c/u
- Cursos de máis de 50 horas ata 100 horas: 0, 50 puntos c/u
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

- Formación en prevención de riscos laborais de 50 ou mais horas: 1 punto.

A fase de oposición. (Puntuación máxima 8 puntos)

A fase de oposición consistirá na realización de tres exercicios obrigatorios e eliminatorios, cunha puntuación máxima de 8 puntos os dous primeiros (sendo necesario acadar 1 punto no 1º exercicio e 3 puntos no 2º exercicio para que se consideren superados) e de apto ou non apto o terceiro.

1º EXERCICIO: PROBA TEÓRICA TIPO TEST. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase de 0 a 2 puntos (mínimo necesario para o superar 1 puntos) **EXAME TIPO TEST:** Consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test de 20 con 3 respostas alternativas , das que unicamente unha é correcta, entre os temas incluídos no anexo 2, durante o prazo máximo de unha hora. Cada resposta correcta terá un valor de 0,1 puntos, non puntuando as respostas sen contestar en branco, ou incorrectas.

2º EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA. Carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica sobre os contidos relacionados no anexo 2, que se valorará de 0 a 6 puntos, debendo acadarse unha puntuación mínima de 3 para superalo.

O Tribunal terá plena liberdade en canto a elección das tarefas a realizar na proba práctica coa finalidade de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma, tendo en conta en todo caso, a destreza con que se desenvolva, a celeridade, a súa aptitude, observación das normas de seguridade e saúde e todos aqueles aspectos relevantes á hora de realización do traballo

O Tribunal sinalará, antes de iniciarse a proba práctica, o tempo máximo que poderá destinarse a realización da proba, sen que en ningún caso poda exceder de 30 minutos.

3º EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Carácter obrigatorio e eliminatorio Consistirá na resposta por escrito a 10 preguntas sobre o contido dun documento. As preguntas poderán ser cortas ou tipo text sendo cualificados como aptos aqueles aspirantes que teñan un mínimo de 5 respostas aptas. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 1. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 1 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, ou equivalente

O Tribunal terá plena liberdade en canto á elección das tarefas a realizar en cada unha das probas prácticas, co fin de garantir a máxima adecuación ao contido do posto de traballo, así como en relación aos criterios de puntuación e valoración da mesma.

A non presentación as probas no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo

LISTA DE SELECCIONADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Rematada a cualificación, será publicada no taboleiro de anuncios a relación puntuada das persoas seleccionadas así como o cumprimento dos requisitos de acceso.

No caso de empate de puntuación terán preferencia os aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición e se persiste o empate por sorteo.

Unha vez publicados os resultados establececese un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións.

No caso de non presentarse alegacións os resultados terán carácter de definitivos.

As persoas seleccionadas deberán de presentar no prazo de 2 días naturais a partir da publicación do resultado da selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

Formalizarase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por menor puntuación.

SÉPTIMA.- INCIDENCIAS

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ANEXO 1: MODELO INSTANCIA

D/Dona _____ con DNI núm.: _____ con
endereço _____ .C.P _____ Localidade _____ e
teléfono de contacto _____ e e-mail _____

Expón: que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias da **para a provisión, en réxime de laboral temporal, de 1 posto operario/a-conserxe. PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2023 no Concello de Muxía, e**

Declarando explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas Bases reguladoras da convocatoria e, ase mesmo, declarando non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta xunto á presente:

- 1 Copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia
- 2 Copia da acreditación de coñecemento de lingua galega para exención de realización de proba de galego (CELGA ou equivalente)
- 3 Tarxeta de demandante de emprego actualizada
- 4 Copia do Carné de conducir
- 5 Documentación acreditativa das situacións de exclusión
- 6 Acreditación da discapacidade, de ser o caso
- 7 Documentos que serven de proba para a xustificación dos méritos que se alegan para súa valoración.

Por todo o exposto **SOLICITA:**

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo para a a provisión en réxime laboral temporal de 3 postos de operario/a de servizos múltiples



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MUXÍA, con dirección RÚA REAL, 35, 15124 - MUXÍA (A CORUÑA); correo@muxia.es.

1.-Dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE MUXÍA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@muxia.es.

2.- Finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

3.-Prazo de conservación: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

4.- Lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

5.- Destinatarios de cesións: CONCELLO DE MUXÍA non cederá os seus datos de carácter persoal.

6.- Dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Muxía dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@muxia.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Muxía, ___ a _____ de 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUXÍA.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

ANEXO 2

TEMARIO

TEMARIO DE REFERENCIA PARA A PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA

- O municipio: concepto e elementos. Breve referencia á organización e competencias municipais.
- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
- O Termo municipal de Muxía. Lugares de interese, parroquias, núcleos de poboación e equipamentos municipais.
- Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de servizos múltiples: albanelaría, fontanería, electricidade, carpintería, desbroces e limpeza.
- Tarefas de conservación e mantemento de iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e protección da salubridade pública.
- Coñecementos básicos de normas de seguridade, de hixiene no traballo.